

## MODIFICACIÓNS DO CALENDARIO ESCOLAR PARA O CURSO 2022-2023

### E DO SISTEMA DE AVALAICIÓNS NA ESO

A Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades aprobou novas modificacións do Calendario escolar para o curso 2022/2023. [ORDEN de 27 de diciembre de 2022](#) ( DOG N°4 do Xoves, 5 de xaneiro de 2023)

Salientamos seguindo a Orde as seguintes modificacións nas **Sesións de avaliación** que afectan o noso alumnado e que quedan redactados como segue:

«2. *A sesión de avaliación final ordinaria do alumnado do primeiro curso do bacharelato e a sesión da avaliación final de módulos do alumnado do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico deberán realizarse a partir do día 5 de xuño de 2023.*

3. *As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato e do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria, as sesións da avaliación final de ciclo do segundo curso dos ciclos da formación profesional básica e as sesións da avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos de formación profesional deberán realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.*

*A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final» “*

**Polo tanto, a organización do final do curso 2022-2023 nos distintos niveis do Centro será:**

- Para o alumnado de 2ºBAC:

- a Avaliación final ordinaria será no mes de maio, posiblemente o 19 xoves (a data ten que adecuarse ás datas previstas para a convocatoria ordinaria da ABAU, que será os días 6, 7 e 8 de xuño)
- as probas das materias que non foran superadas na Avaliación ordinaria serán entre o 19 e o 21 de xuño
- a Avaliación final extraordinaria será a partir do 22 de xuño de 2023

- As clases rematan para todo o alumnado da ESO, de 1º BAC e o alumnado de 2º BAC con materias pendentes para a Avaliación extraordinaria, o 21 de xuño de 2023.

- Recordar que, xa dende o curso pasado, **non hai convocatoria de exames en setembro**

- Para o alumnado de 1º BAC haberá dúas sesións de avaliación:

- Avaliación final ordinaria (a data coincidirá coa terceira avaliación) e farase a partir 5 de xuño
- as probas das materias que non foran superadas na Avaliación ordinaria serán entre o 19 e o 21 de xuño
- Avaliación final extraordinaria e farase a partir do remate das clases, o 21 de xuño.

- **Para o alumnado da ESO só haberá unha sesión de avaliación:** Avaliación terceira que a súa vez coincidirá na data coa Avaliación final, e realizarase a partir do 22 de xuño. O alumnado que non superara algunha parte dunha materia ao longo do curso, ten que realizar a/s proba/s ou actividades de recuperación, que os distintos Departamentos establecen nas súas Programacións, antes da data da Avaliación final.